

Ferrol: Por unha Asemblea Xeral en Navantia



Que este convenio está sendo atípico, ou incluso histórico, non se pode dubidar: mínima información, falta de asembleas, ausencia total de mobilizacións para exercer presión, recortes nos dereitos conquistados durante décadas de loita...

- É moi evidente que, tras fracasar no IV Convenio, estamos ante un novo intento de impoñer pola vía dos feitos consumados un cambio fundamental na dinámica sindical, para acabar co protagonismo dos traballadores na xestión dos nosos asuntos colectivos. Este cambio interesa tanto á empresa como á burocracia sindical.

Interesa á empresa, para que os negociadores sindicais se separen o máis posible dos traballadores, a fin de que as opinións destes non contrarresten os esforzos que ela exerce para que a visión empresarial penetre na cabeza dos sindicalistas. Por iso lle chaman ?negociación? a xuntanzas que foron meras proxeccións de power-points, se enclaustran en Los Peñascales, etc.

Interesa á burocracia sindical, para librarse da molesta interferencia dos traballadores e ter as mans libres para argallar o que lles conveña ós seus aparatos sindicais, que teñen os seus propios intereses alleos ós intereses da clase obreira.

O 26 e o 31 de outubro houbo asembleas xerais. En ambas, o comité dixo que trala seguinte xuntanza de negociación convocaría outra. Aínda estamos esperando. E quizais teñamos que seguir esperando porque **algún membro do comité de empresa xa recoñeceu que non hai intención de convocala**. Unha semellanza máis co IV Convenio.

As cousas hai que facelas como se deben facer. **O PRIMEIRO É QUE TÓDOLOS TRABALLADORES DISPOÑAMOS DO TEXTO ÍNTEGRO DO CONVENIO, INCLUÍDOS ANEXOS, TÁBOAS E ACTAS. Unha vez que houbo ocasión e tempo para que se lea e analice, DESPOIS DEBE HABER UNHA RONDA DE ASEMBLEAS DE TALLO PARA QUE O COMITÉ ACLARE DÚBIDAS (que a día de hoxe son moitísimas). O proceso debe CULMINAR NUNHA ASEMBLEA XERAL QUE MANTEÑA UN DEBATE GLOBAL E TOME UNHA DECISIÓN.** Así se fixeron sempre as cousas e así se deben facer agora. E se facer as cousas ben implica que a decisión quede para xaneiro, nada o impide, agás, quizáis, que o cobro dos obxectivos d algúns directivos dependa de que o plan/convenio se asine este ano. Pero os intereses persoais dos directivos da empresa non xustifican a chapuza sindical que se está a ver.

Estamos ante un convenio histórico. Pero á historia pasan tanto as cousas boas como as cousas malas. **SERÍA REALMENTE HISTÓRICO, EN SENTIDO NEGATIVO, QUE O COMITÉ DE EMPRESA NON CONVOCASE UNHA ASEMBLEA XERAL. E POR ISO MESMO SERÍA INACEPTABLE.**

Sección Sindical Unitaria de CGT en Navantia-Ferrol